



## Bases do Iº certame de debuxo contra a violencia de xénero do Concello de Vilar de Santos

### Participantes:

Poderán participar todos os nenos e nenas do concello de entre 3 a 12 anos

### Obxectivos:

- Sensibilizar a cidadanía en xeral e as nenas e nenos en particular sobre a problemática que supón a violencia de xénero na sociedade actual.
- Implicar a veciñanza na visibilización dun problema moitas veces agachado.

### Temática e finalidade:

Os debuxos presentados deberán reflexar valores de **igualdade entre o seu grupo de iguais e/ou rexeitamento contra a violencia de xénero**.

A técnica do debuxo será libre.

Os debuxos presentados serán **publicados nas redes sociais do Concello** e posteriormente empregados **para a realización dunha exposición** na casa do concello, o debuxo gañador será empregado ademais **como base para unhas mochilas** que posteriormente se repartirán entre os nenos e nenas do Concello.

### Prazo e lugar de presentación:

O prazo de presentación das propostas remata o DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO, o 25 de Novembro de 2020. As propostas poderán enviarse por correo electrónico o enderezo [servizos.sociais@vilardesantos.com](mailto:servizos.sociais@vilardesantos.com) ou fisicamente nas oficinas municipais en horario de 9 a 15 horas ou ben na biblioteca en horario de 16 a 20 horas.

### Xurado:

O xurado estará composto polo Alcalde, un/ha concelleira e a traballadora social do concello, sendo o seu veredicto inapelable.

### Premio:

O debuxo gañador darase a coñecer nas redes sociais do concello o DÍA 26 DE NOVIEMBRE DE 2020.

O premio consistirá nun VALE para material didáctico.

Tamén haberá un pequeno agasallo para cada participante.